



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 15 DE NOVEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00051235E.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. EDUCACIÓN. Referencia: Validación da OFI Factura F/2022/244.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (4) emitidas pola entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control nas instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria dependentes do Concello: limpeza nas novas instalacións “anexos” dos centros de educación infantil e primaria Monte dos Postes e Roxos correspondentes aos meses de abril a xullo do ano 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL CENTO NOVENTA E CINCO CON DOCE EUROS (6.195,12 EUROS), segundo relación contable de facturas S/2022/244 que se achega no expediente, e que corresponde ás facturas F/2022/1965, F/2022/2412, F/2022/2944 e F/2022/3593 por importe de 1.548,78 euros cada unha, todas elas en concepto de limpeza nas novas instalacións “anexos dos centros de educación infantil e primaria Monte dos Postes e Roxos correspondentes aos meses de abril a xullo do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

3. EDUCACIÓN. Referencia: Validación da OFI Factura F/2022/262.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (6) emitidas pola entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE en concepto de canon mensual polo servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria correspondentes aos meses de marzo a agosto do ano 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CINCOCENTOS DEZASEIS MIL CENTO DOUS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (516.102,72 €), segundo relación contable de facturas S/2022/262 que se achega no expediente e que corresponde ás facturas F/2022/1504, F/2022/1968, F/2022/2413, F/2022/2946, F/2022/3594 e F/2022/4014 por importe de 86.017,12 euros cada unha, todas elas en concepto de canon polo servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos centros públicos de

educación infantil e primaria correspondente aos meses de marzo a agosto do ano 2022
Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

4. EDUCACIÓN. Referencia: Validación da OFI Factura F/2022/263.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (2) emitidas pola entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE en concepto de servizo de limpeza dos anexos dos CEIP Monte dos Postes e Roxos correspondentes aos meses de marzo e agosto do ano 2022.

Acórdasse:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL NOVENTA E SETE CON CINCUENTA E SEIS EUROS (3.097,56) correspondente ás facturas F/2022/1509 e F/2022/4013, por importe de 1.548,78 cada unha, en concepto de servizo de limpeza dos anexos dos CEIP Monte dos Postes e Roxos correspondentes aos meses de marzo e agosto do ano 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00034769M.

Ampliación do prazo de execución do contrato “Proxecto SMARTIAGO- Licitación para a contratación de servizos de investigación e desenvolvemento de vehículos eléctricos autónomos modulares multifuncionais así como posta en marcha dun living lab de loxística de última milla, cofinanciado nun 80% polo FEDER no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020, nun 10% pola Axencia Galega de innovación (GAIN) e nun 10% polo Concello de Santiago de Compostela”, polo prazo de 36 días, con data de finalización o 21 de decembro de 2022.

Acórdase ampliar o prazo de execución do contrato “Proxecto SMARTIAGO- Licitación para a contratación de servizos de investigación e desenvolvemento de vehículos eléctricos autónomos modulares multifuncionais así como posta en marcha dun living lab de loxística de última milla, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020, nun 10% pola Axencia Galega de innovación (GAIN) e nun 10% polo Concello de Santiago de Compostela”, adxudicado a VODAFONE ESPAÑA SAU polo prazo de 36 días, con data de finalización o 21 de decembro de 2022.